



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

# Regularización Extraordinaria 2026

**Guía práctica sobre sobre o proceso aprobado polo Real Decreto  
316/2026 para a obtención dunha autorización  
de residencia e traballo en España**

Organiza:



**Deputación  
DA CORUÑA**

Colabora:





# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **CANDO COMEZA E REMATA ESTE PROCESO?**

- O Real Decreto 316/2026 polo que se modifica o Real Decreto 1155/2024, do 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, publicouse no Boletín Oficial do Estado – BOE – o 16 de abril de 2026: <https://www.boe.es/eli/es/rd/2026/04/14/316>
- O prazo de solicitude abriuse o venres 17 de abril, co inicio da tramitación de solicitudes telemáticas.
- O inicio da tramitación das solicitudes por vía presencial comezou o luns 20 de abril.
- O prazo de solicitudes para ambas as vías – presencial e en liña – estará aberto ata o 30 de xuño.



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **A QUEN VAI DIRIXIDA ESTA MEDIDA?**

Poderán acceder ao procedemento de regularización extraordinaria aquelas persoas que se atopen nunha destas dúas situacións:

- **Persoas solicitantes de Protección Internacional:** aquelas persoas que solicitasen protección internacional antes do 1 de xaneiro de 2026, con independencia de que manteñan ou non a condición de solicitantes de protección internacional no momento de presentar a solicitude.
- **Persoas en situación irregular:** aquelas persoas que se atopen en situación administrativa irregular no momento da solicitude e que chegaron a España antes do 1 de xaneiro de 2026.



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **A QUEN NON VAI DIRIXIDA ESTA MEDIDA?**

Non poderán acceder ao procedemento as persoas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Aquelas persoas que sexan titulares dunha autorización de estancia ou residencia en vigor.
- Aquelas persoas que presentasen unha solicitude de autorización de estancia ou de residencia, cuxos procedementos se atopen en estado de tramitación: concesión inicial, prórroga, renovación ou modificación.
- Aquelas persoas que sexan ou fosen titulares dunha autorización de residencia obtida conforme á Decisión de Execución (UE) 2022/382 do Consello, do 4 de marzo de 2022, pola que se constata a existencia dunha afluencia masiva de persoas desprazadas procedentes de Ucraína no sentido do artigo 5 da Directiva 2001/55/CE e co efecto de que se inicie a protección temporal: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=DOUE-L-2022-80366>
- Persoas apátridas, xa que estas contan cunha normativa específica que as ampara: Real Decreto 865/2001, do Regulamento do recoñecemento do estatuto de apátrida: <https://www.boe.es/eli/es/rd/2001/07/20/865>



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **QUE REQUISITOS HAN DE CUMPRIR AS PERSOAS SOLICITANTES DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL?**

- Ser maior de idade e atoparse en España no momento da presentación da solicitude da autorización de residencia.
- Ter permanecido en España de forma ininterrompida durante os 5 meses anteriores ao momento de presentar a autorización de residencia.
- Carecer de antecedentes penais en España nin nos países onde a persoa residise nos últimos 5 anos anteriores á súa chegada ao noso país.
- Non representar unha ameaza para a orde pública, a seguridade pública ou a saúde pública.
- Non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos que España teña asinado un convenio nese sentido.
- No seu caso, non atoparse dentro do prazo de compromiso de non retorno a España.
- Ter aboado a taxa pola tramitación de autorización.



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## QUE DOCUMENTACIÓN HAN DE PRESENTAR AS PERSOAS SOLICITANTES DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL?

- Formulario oficial [EX-31](#), cuberto e asinado: <https://www.inclusion.gob.es/regularizacion>
- Copia completa do pasaporte, cédula de inscrición ou título de viaxe, recoñecido como válido en España (en vigor ou caducado).
- Certificado de antecedentes penais dos países onde residise nos últimos 5 anos antes da entrada en España, debidamente apostilados e, no seu caso, traducidos por tradutor xurado oficial e recoñecido pola Administración española: <https://www.exteriores.gob.es/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/Buscador-STIJ.aspx>
- Documentación que acredite atoparse en España antes do 1 de xaneiro de 2026 e ter permanecido durante, polo menos, os últimos 5 meses anteriores a presentar a solicitude de autorización de residencia: certificado histórico de empadramento. En caso de carecer de certificado de empadramento, calquera outra documentación de carácter nominativo que conteña datas referidas ao período de estancia.
- Xustificante de pagamento da taxa pola tramitación da autorización.



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **QUE REQUISITOS XERAIS HAN DE CUMPRIR AS PERSOAS QUE SE ATOPEN EN SITUACIÓN IRREGULAR?**

- Ser maior de idade e atoparse en España no momento da presentación da solicitude da autorización de residencia.
- Ter permanecido en España de forma ininterrompida durante os 5 meses anteriores ao momento de presentar a autorización de residencia.
- Carecer de antecedentes penais en España nin nos países onde a persoa residise nos últimos 5 anos anteriores á súa chegada ao noso país.
- Non representar unha ameaza para a orde pública, a seguridade pública ou a saúde pública.
- Non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos que España teña asinado un convenio nese sentido.
- No seu caso, non atoparse dentro do prazo de compromiso de non retorno a España.
- Ter aboado a taxa pola tramitación de autorización.



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## QUE REQUISITOS ESPECÍFICOS HAN DE CUMPRIR AS PERSOAS QUE SE ATOPEN EN SITUACIÓN IRREGULAR?

Para a concesión da autorización, deberán acreditar o cumprimento de, polo menos, **1 dos seguintes requisitos:**

- Ter traballado, por conta allea ou por conta propia, durante a súa permanencia en España ou acreditar a intención de traballar por conta allea ou por conta propia.
- Permanecer en España xunto coa súa unidade familiar, sempre que estea composta por fillas e fillos menores de idade ou maiores de idade que teñan unha discapacidade que requira apoio ou que non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde, ou ascendentes de primeiro grao cos que convivan.
- Atoparse en situación de vulnerabilidade, acreditada, conforme a modelo específico, polas entidades competentes en materia de asistencia social.



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## QUE DOCUMENTACIÓN XERAL HAN DE PRESENTAR AS PERSOAS QUE SE ATOPEN EN SITUACIÓN IRREGULAR?

- Formulario oficial **EX-32**, cuberto e asinado: <https://www.inclusion.gob.es/regularizacion>
- Copia completa do pasaporte, cédula de inscrición ou título de viaxe, recoñecido como válido en España (en vigor ou caducado).
- Certificado de antecedentes penais dos países onde residise nos últimos 5 anos antes da entrada en España, debidamente apostilados e, no seu caso, traducidos por tradutor xurado oficial e recoñecido pola Administración española: <https://www.exteriores.gob.es/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/Buscador-STIJ.aspx>
- Documentación que acredite atoparse en España antes do 1 de xaneiro de 2026 e ter permanecido durante, polo menos, os últimos 5 meses anteriores a presentar a solicitude de autorización de residencia: certificado histórico de empadramento. En caso de carecer de certificado de empadramento, calquera outra documentación de carácter nominativo que conteña datas referidas ao período de estancia.
- Xustificante de pagamento da taxa pola tramitación da autorización.



## **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

### **QUE DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA HAN DE PRESENTAR AS PERSOAS QUE SE ATOPEN EN SITUACIÓN IRREGULAR?**

As persoas deben presentar tan só un dos seguintes documentos:

- Documentación que acredite ter traballado (informe de vida laboral); a intención de traballar por conta allea (oferta de traballo); ou a intención de traballar por conta propia (declaración responsable).

**OU**

- Documentación que acredite a súa permanencia en España xunto coa súa unidade familiar: certificado de matrimonio e/ou certificado de nacemento e/ou certificado de empadramento colectivo.

**OU**

- Documentación que acredite que a persoa se atopa en situación de vulnerabilidade: certificado ou informe de vulnerabilidade.



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## QUEN PODE EMITIR O CERTIFICADO DE VULNERABILIDADE?

Teñen a competencia para a emisión e sinatura do certificado ou informe de vulnerabilidade:

- **Entidades do terceiro sector ou organizacións sindicais inscritas no Rexistro Electrónico de Colaboradores de Estranxeiría** regulado pola Orde ISM/164/2026, do 2 de marzo: <https://www.inclusion.gob.es/gl/regularizacion/colaboradores>
  - A inscrición dunha entidade ou organización sindical no RECEX non implica a obriga de emitir certificados ou informes de vulnerabilidade.
  - A emisión do certificado ou informe de vulnerabilidade por parte das entidades ou organizacións sindicais terá carácter gratuíto.
  - Anexo Entidades do terceiro sector ou organizacións sindicais inscritas no Rexistro Electrónico de Colaboradores de Estranxeiría na provincia de A Coruña.
- **Entidades competentes en materia de asistencia social:**
  - Son entidades competentes en materia de asistencia social as administracións públicas que teñan atribuída, conforme á orde constitucional e ao sistema de distribución de competencias, a xestión, regulación ou execución de actuacións de asistencia ou servizos sociais.
  - O certificado ou informe de vulnerabilidade poderá ser asinado por calquera persoa que forme parte da entidade competente en materia de asistencia social, sen prexuízo da potestade organizativa desta.



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **QUE OCORRE COS MENORES DE IDADE E COAS PERSOAS MAIORES CON DISCAPACIDADE RECOÑECIDA?**

- Solicitudes de autorizacións de residencia das fillas ou fillos menores de idade, ou maiores de idade con discapacidade, cuxos proxenitores ou titores legais fosen ou sexan **solicitantes de protección internacional** ou se atopen en **situación irregular**: **Formularios EX-31 ou EX-32**
- Solicitudes de autorizacións de residencia de fillos ou fillas menores de idade ou maiores de idade con discapacidade cuxos proxenitores ou titores legais sexan **titulares dunha autorización de residencia e traballo temporal**: **Formulario EX-25**



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **PROXENITORES OU TITORES LEGAIS SOLICITANTES DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL OU EN SITUACIÓN IRREGULAR**

- As autorizacións de residencia das fillas ou fillos menores de idade, ou maiores de idade con discapacidade que requira apoio ou que non sexan obxectivamente capaces de prover as súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde, presentaranse e, posteriormente, resolveranse de forma **simultánea** á solicitude da autorización de residencia do proxenitor ou titor/a legal.
- Para a concesión deste tipo de autorizacións terase en conta, unicamente, a permanencia en España de forma ininterrompida durante os cinco meses anteriores ao momento da presentación da solicitude de autorización.



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## QUE DOCUMENTACIÓN SE DEBE PRESENTAR?(I)

- **Formulario oficial (EX-31 ou EX-32)**, cuberto e asinado: <https://www.inclusion.gob.es/regularizacion>
- **Copia completa do pasaporte**, cédula de inscrición ou título de viaxe, recoñecido como válido en España (en vigor ou caducado).
- Documentación que acredite o vínculo familiar: **certificado de nacemento**, debidamente apostilado e, no seu caso, traducido por traductor xurado oficial e reconhecido pola Administración española:  
<https://www.exteriores.gob.es/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/Buscador-STIJ.aspx>
- Documentación que acredite atoparse en España antes do **1 de xaneiro de 2026** e ter permanecido durante, polo menos, os últimos **5 meses** anteriores a presentar a solicitude de autorización de residencia.
- Documentación que acredite a convivencia conxunta: **certificado de empadramento colectivo**.
- **Xustificante de pagamento da taxa** pola tramitación da autorización.



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## QUE DOCUMENTACIÓN SE DEBE PRESENTAR?(II)

- **Certificado de antecedentes penais** dos países onde residise nos últimos 5 anos antes da entrada en España, debidamente apostilados e, no seu caso, traducidos por tradutor xurado oficial e recoñecido pola Administración española (no caso de maiores de idade).
- **Certificado de escolarización**, no caso de menores de idade.
- Documentación que acredite a discapacidade recoñecida (**certificado de discapacidade**), de ser o caso.
- **Declaración ou autorización da outra persoa proxenitora** para que o menor poida residir en España, excepto que a persoa proxenitora que é solicitante ostente a custodia con carácter exclusivo ou medie autorización xudicial; nese caso achegarán a documentación que avale esas circunstancias.



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **PROXENITORES OU TITORES LEGAIS TITULARES DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO TEMPORAL**

- Asemade, poderán solicitar unha autorización de residencia, no marco do proceso de regularización extraordinaria, as fillas ou fillos menores de idade, ou maiores de idade con discapacidade que requira apoio ou que non sexan obxectivamente capaces de prover as súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde, **cuxos proxenitores ou titores legais sexan titulares dunha autorización de residencia e traballo temporal.**
- Para a concesión deste tipo de autorizacións terase en conta, **unicamente, a permanencia en España de forma ininterrompida durante os cinco meses anteriores ao momento da presentación da solicitude de autorización.**



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## QUE DOCUMENTACIÓN SE DEBE PRESENTAR?(I)

- Formulario oficial(**EX-25**), cuberto e asinado: <https://www.inclusion.gob.es/documents/d/migraciones/ex25.pdf>
- Copia completa do pasaporte, cédula de inscrición ou título de viaxe, recoñecido como válido en España (en vigor ou caducado).
- Documentación que acredite o vínculo familiar: **certificado de nacemento**, debidamente apostilado e, no seu caso, traducido por traductor xurado oficial e reconhecido pola Administración española:  
<https://www.exteriores.gob.es/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/Buscador-STIJ.aspx>
- Documentación que acredite atoparse en España antes do **1 de xaneiro de 2026** e ter permanecido durante, polo menos, os últimos **5 meses** anteriores a presentar a solicitude de autorización de residência.
- Documentación que acredite a convivencia conxunta: **certificado de empadramento colectivo**.
- Xustificante de pagamento da taxa pola tramitación da autorización.



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## QUE DOCUMENTACIÓN SE DEBE PRESENTAR?(II)

- **Certificado de antecedentes penais** dos países onde residise nos últimos 5 anos antes da entrada en España, debidamente apostilados e, no seu caso, traducidos por tradutor xurado oficial e recoñecido pola Administración española (**no caso de maiores de idade**).
- **Certificado de escolarización**, no caso de menores de idade.
- Documentación que acredite a discapacidade recoñecida (**certificado de discapacidade**), de ser o caso.
- **Declaración ou autorización da outra persoa proxenitora** para que o menor poida residir en España, excepto que a persoa proxenitora que é solicitante ostente a custodia con carácter exclusivo ou medie autorización xudicial; nese caso achegarán a documentación que avale esas circunstancias.



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **TAXA POR TRAMITACIÓN DE AUTORIZACIÓN**

- **MODELO 790, CÓDIGO 052, APARTADO 2.3.1:** Pódese descargar a través da Sede Electrónica da Administración:  
<https://sede.administracionespublicas.gob.es/pagina/index/directorio/tasa052>: **38,28 €**
- **MODELO 790, CÓDIGO 052, APARTADO 2.1.5.** “Autorización inicial de residencia temporal de menores estranxeiros acompañados”: Pódese descargar a través da Sede Electrónica da Administración:  
<https://sede.administracionespublicas.gob.es/pagina/index/directorio/tasa052>: **10,94€**

**IMPORTANTE:** Se a persoa dispón dun Número de Identificación de Estranxeiro (NIE), poderá aboar a taxa no momento de presentar a solicitude de autorización de residencia e traballo. En cambio, se aínda non ten asignado un NIE, non poderá efectuar ese pagamento nese momento e deberá facelo posteriormente, unha vez lle sexa comunicada a admisión a trámite.



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **QUE VÍAS SE HABILITARON PARA PRESENTAR ESTA SOLICITUDE?**

- Pódese presentar a través de dúas vías: **presencial e en liña**.
- A forma presencial funcionará unicamente mediante **cita previa**.
- A vía telemática estará dispoñible de maneira ininterrumpida, as 24 hora do día, os 7 días da semana durante todo prazo de solicitude.

**VIA TELEMÁTICA – DESDE O 16 DE ABRIL**

**VIA PRESENCIAL (con cita previa) – DESDE O 20 ABRIL**



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **VÍA TELEMÁTICA**

A vía telemática permitirá realizar solicitudes durante todo o proceso de 4 formas:

- De forma individual con certificado electrónico.
- A través de persoas apoderadas inscritas no Rexistro Electrónico de Apoderamentos.
- A través de profesionais habilitados como avogados, graduados sociais ou xestores administrativos.
- A través das entidades inscritas no Rexistro de Colaboradores de Extranxeiría.

A plataforma de solicitude será accesible desde a páxina web do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións:

[https://mercurio.delegaciondelgobierno.gob.es/mercurio/modoAcceso.html;jsessionid=86A8235082A8DC1DE79696BD2B462447.mercurion\\_poolB1\\_1011012plper034](https://mercurio.delegaciondelgobierno.gob.es/mercurio/modoAcceso.html;jsessionid=86A8235082A8DC1DE79696BD2B462447.mercurion_poolB1_1011012plper034)



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## VIA PRESENCIAL (CON CITA PREVIA)

A vía presencial requerirá contar **SEMPRE con cita previa**, e poderase presentar a solicitude nos seguintes puntos:

- **Oficinas da Seguridade Social.** Polo menos unha oficina habilitada en cada provincia.
- **Correos.** Polo menos unha oficina habilitada en capitais de provincia e municipios de máis de 50.000 habitantes.
- **Oficinas de Estranxeiría (OEX).** Soamente están habilitadas as seguintes oficinas: Madrid, Alacante, Valencia, Almería e Murcia.



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **ONDE SE PODE PRESENTAR PRESENCIALMENTE NA PROVINCIA DE A CORUÑA?**

- **Oficinas da Seguridade Social (De luns a venres, de 16.00h a 19.00h.)**
  - INSS-CAISS N°1, Avenida Pedro Barrié de la Maza, 18, A Coruña
- **Correos (De luns a venres, de 08.30h a 17.30h.)**
  - Oficina de Correos- A CORUÑA OP-1500010, Rúa Alcalde Manuel Casas, S/N, CORUÑA (A)
  - Oficina de Correos- A CORUÑA SUC 1-1545694, Avenida Sardiñeira (ESTACIÓN DE RENFE), S/N, CORUÑA (A)
  - Oficina de Correos-A CORUÑA SUC 3-1545894, CL Rodrigo Alfredo De Santiago, 38, CORUÑA (A)
  - Oficina de Correos-FERROL OP-1500011, Pra. Galicia, S/N, Ferrol
  - Oficina de Correos SANTIAGO DE COMPOSTELA OP-1500012, Rúa do Franco, 4, Santiago de Compostela.
  - Oficina de Correos SANTIAGO DE COMPOSTELA SUC 1-1547294, Rúa García Prieto, 12, Santiago de Compostela.
  - Oficina de Correos SANTIAGO DE COMPOSTELA SUC 2 - 1547394, Rúa de Anxo Casal, S/N, Santiago de Compostela.



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **COMO SOLICITAR CITA PREVIA?**

- A través do portal de Regularización:

<https://www.inclusion.gob.es/gl/regularizacion#solicita-cita>

- A través de **Cl@ve**, seleccionando oficina, data e hora.

- Mediante **formulario web**. Non se poderá escoller a oficina nin a data: asignarase a máis próxima ás referencias.

- Chamando ao **teléfono 060**. Horario de atención: 09.30 a 14.00 horas e 16.30 a 19.30 horas, de luns a venres.



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **QUE OCORRE DESPOIS DA PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE?**

- Unha vez presentada a solicitude de autorización, notificarase unha **comunicación de inicio do procedemento administrativo** que habilitará automaticamente para traballar en todo o territorio nacional español e en calquera sector de actividade, facilitando o acceso ao traballo e á contratación en condicións dignas e con garantías tanto para a persoa traballadora como para a persoa empregadora.
- Co inicio do procedemento obterase, de oficio, un Número de Seguridade Social (**NUSS**) e unha resolución que reconece o dereito a recibir asistencia sanitaria.

**IMPORTANTE: O xustificante da presentación da solicitude NON é a comunicación de inicio do procedemento administrativo.**



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **QUEN RESOLVE? EXISTE PRAZO DE RESOLUCIÓN? QUE DURACIÓN TEN ESTA AUTORIZACIÓN?**

- **A Unidade de Tramitación de Expedientes de Estranxeiría (UTEX), dependente do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, será a administración competente para a resolución destas autorizacións.**
- **Excepcionalmente, a Oficina de Estranxeiría competente terá competencia para resolver as autorizacións de residencia das fillas ou fillos menores de idade, ou maiores de idade con discapacidade que requiran apoio ou que non sexan obxectivamente capaces de prover as súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde, cuxos proxenitores ou titores legais sexan titulares dunha autorización de residencia e traballo temporal.**
- **Prazo de resolución: 3 meses.**
- **Duración da autorización de residencia e traballo: 1 ano.**



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **E UNHA VEZ RECIBIDA A RESOLUCIÓN?**

- Unha vez obtida unha resolución favorable, é necesario **tramitar a xestión da Tarxeta de Identidade de Estranxeiro (TIE) no prazo dun mes a partir da data de resolución.**
- A solicitude da TIE debe presentarse ante a Unidade de Documentación da Policía Nacional (con cita previa):

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/pagina/index/directorio/icpplus>



# **GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **ESTE PERMISO É VÁLIDO PARA A UNIÓN EUROPEA?**

- O permiso de residencia e traballo non outorga autorización para establecerse nin traballar no resto da Unión Europea.
- Unha vez resolta favorablemente a solicitude, as persoas beneficiarias terán acceso a unha autorización de residencia legal e traballo unicamente en España, non noutro Estado membro da Unión Europea.



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## INFORMACIÓN OFICIAL

- Ademais da información actualizada compartida nas canles oficiais e nas redes sociais, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións habilitou unha páxina web con toda a información relativa ao proceso: <https://www.inclusion.gob.es/gl/regularizacion>
- Nesta web pódese atopar información sobre as entidades que forman parte do Rexistro de Colaboradores de Estranxeiría, acceso ao servizo de cita previa e á vía telemática de solicitudes, ademais doutros contidos divulgativos e información actualizada.
- Verificación de requisitos para acceder ao procedemento de Regularización Extraordinaria: <https://www.inclusion.gob.es/gl/simulador-de-requisitos-regularizacion-extraordinaria-2026>.



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **REGULARIZACIONES ANTERIORES: CIFRAS**

- 1986 (Felipe González): 38.294** solicitudes concedidas
- 1991-1992 (Felipe González): 114.423** solicitudes concedidas
- 1996 (Felipe González): 21.294** solicitudes concedidas
- 2000 (José María Aznar): 264.153** solicitudes concedidas
- 2001 (José María Aznar): 239.174** solicitudes concedidas
- 2005 (José Luís R. Zapatero): 576.506** solicitudes concedidas



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

# **MOITAS GRAZAS POLA SÚA ATENCIÓN!**

**A regularización extraordinaria é unha oportunidade para dar un paso adiante e construír un futuro mellor en España, con máis dereitos, estabilidade e seguridade.**

Organiza:



**Deputación  
DA CORUÑA**

Colabora:





# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## ANEXO

### ENTIDADES E ORGANIZACIÓNS SINDICAIS INSCRITOS NO REXISTRO ELECTRÓNICO DE COLABORADES DE ESTRANXEIRÍA NA PROVINCIA DE CORUÑA

| ENTIDAD  | UBICACIÓN | WEB   |
|--|-----------|---|
| ASOCIACIÓN BENÉFICA RENACER                        | A CORUÑA  | <a href="https://renacercoruna.org">https://renacercoruna.org</a>                               |
| CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA -CIG            | A CORUÑA  | <a href="https://www.cig.gal">https://www.cig.gal</a>   |
| COMISIONES OBRERAS (CC.OO)                         | A CORUÑA  | <a href="https://www.ccoo.gal">https://www.ccoo.gal</a>   |
| UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORAS Y TRABAJADORES (UGT) | A CORUÑA  | <a href="https://www.ugt.es">https://www.ugt.es</a>   |
| VIRAVENTOS   | A CORUÑA  | <a href="https://viraventos.org">https://viraventos.org</a>                                     |
| SOS RACISMO GALICIA                                | A CORUÑA  | <a href="https://sosracismo.eu/sos-racismogalicia">https://sosracismo.eu/sos-racismogalicia</a> |
| FUNDACIÓN ACCEM                                    | A CORUÑA  | <a href="https://www.accem.es">https://www.accem.es</a>   |
| ASOCIACIÓN MOVILIDAD HUMANA                        | FERROL    | <a href="https://mhumana.org">https://mhumana.org</a>   |



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## ANEXO

### ENTIDADES E ORGANIZACIÓNS SINDICAIS INSCRITOS NO REXISTRO ELECTRÓNICO DE COLABORADES DE ESTRANXEIRÍA NA PROVINCIA DE CORUÑA

| ENTIDAD   | UBICACIÓN | WEB   |
|---|-----------|---|
| ASOCIACIÓN DIGNIDAD GALICIA   | FERROL    | <a href="https://dignidadgalicia.org">https://dignidadgalicia.org</a>   |
| CARITAS DIOCESANA MONDOÑEDO-FERROL  | FERROL    | <a href="https://www.caritas.es/mondonedoferrol">https://www.caritas.es/mondonedoferrol</a>   |
| PATRONATO CONCEPCIÓN ARENAL   | FERROL    | No tiene web  |
| FUNDACIÓN LA MERCED MIGRACIONES   | FERROL    | <a href="https://lamercedmigraciones.org">https://lamercedmigraciones.org</a>   |
| ONG MESTURA   | CULLEREDO | <a href="https://www.ongmestura.es">https://www.ongmestura.es</a>   |
| TERCIARIOS CAPUCHINOS PROV LUIS AMIGO CASA CIUDAD DE LOS MUCHACHOS<br>DEAGARIMO     | ARTEIXO   | <a href="https://www.amigonianos.org/comunidad-de-la-ciudad-de-los-muchachosagarimo-arteixo-a-coruna">https://www.amigonianos.org/comunidad-de-la-ciudad-de-los-muchachosagarimo-arteixo-a-coruna</a> |
| ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E A INSERCIÓN LABORAL PLATAFORMA POLO<br>EMPREGO | SANTIAGO  | <a href="https://www.plataformapoloemprego.org">https://www.plataformapoloemprego.org</a>   |
| MEDICOS DEL MUNDO   | SANTIAGO  | <a href="https://www.medicosdelmundo.org">https://www.medicosdelmundo.org</a>   |



# GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA

## ANEXO

### ENTIDADES E ORGANIZACIÓNS SINDICAIS INSCRITOS NO REXISTRO ELECTRÓNICO DE COLABORADES DE ESTRANXEIRÍA NA PROVINCIA DE CORUÑA

| ENTIDAD   | UBICACIÓN | WEB   |
|---|-----------|---|
| MOVIMIENTO POR LA PAZ, EL DESARME Y LA LIBERTAD | SANTIAGO  | <a href="https://www.mpdl.org">https://www.mpdl.org</a>                 |
| PROVIVIENDA                                     | SANTIAGO  | <a href="https://provivienda.org">https://provivienda.org</a>           |
| ASOCIACIÓN ARRAIANAS                            | SANTIAGO  | <a href="https://www.arraianas.org/es">https://www.arraianas.org/es</a> |